



PREGUNTA ORAL SOBRE AS PREVISÓNS PARA EN POSTA EN SERVIZO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DO ROMAÑO-VISTA ALEGRE

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, a concelleira que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

No mes de maio de 2014 por parte do Concello procedíase á adxudicación definitiva das obras de construción do centro cívico no Romaño-Vista Alegre, por un importe total de 763.800 euros e un prazo de execución de 201 días naturais.

Trátase dunha actuación incluída no programa Urbana Norte Santiago, que se financia con fondos europeos e que debería ter remados todos os seus proxectos a finais de 2015.

Posteriormente, en data 18 de setembro de 2015, o actual Goberno acordou o inicio do expediente de contratación para o subministro de equipamento de mobiliario para as novas instalacións, procedendo á súa adxudicación no mes de decembro de 2015.

Supoñemos que en previsión do retraso nas novas instalacións, o Goberno municipal acordou prorrogar en novembro de 2015 o aluguer do local que vén funcionando como local social na rúa Torreira, por un importe total de 2.652 euros, entre o 1 de xaneiro e o 30 xuño de 2016.

Polo tempo transcorrido desde a súa adxudicación e co prazo inicialmente previsto amplamente superado, cabe supoñer que o centro cívico debe estar rematado, tanto desde o punto de vista construtivo como do equipamento, mais non temos ningunha noticia da posta en servizo destas instalacións. Por esta razón, desde o Grupo Municipal do Partido Popular formulamos a seguinte pregunta:

Que causas están a demorar a apertura ao público do novo centro cívico do Romaño-Vista Alegre e cando prevé o Goberno local que se poñan en servizo estas novas instalacións?.

Santiago de Compostela, a 11 de maio de 2016

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.